

ESPECIFICACIÓNS DE TRABALLO PARA 4º DE PRIMARIA DURANTE O ESTADO DE ALARMA

Cómpre comezar aclarando que esta é unha situación nova para todas nós, polo que é preciso manter a calma e garantir a saúde.

Creemos que o alumnado debe manter unha rutina de estudo e traballo pero tamén momentos de lecer, de actividade física e de axudar nas tarefas da casa.

No tocante ás actividades académicas, que segundo as medidas aprobadas deben ser de reforzo e non avaliadas, suxerimos as seguintes:

MATEMÁTICAS

- Repasar diariamente as táboas de multiplicar.
- Cálculo matemático: sumas, restas, multiplicacións e divisións, todas elas con varias cifras.
- Exercitar a lóxica con problemas como os que fixemos no libro.
- Repasar o contido teórico que estudamos este trimestre e que poden facer co libro e caderno que levaron.

LENGUA ESPAÑOLA E LINGUA GALEGA:

- Lectura diaria, tanto individual como en voz alta (eles sós, ao pai/nai, irmáns...)
- Comprensión lectora: facerlles preguntas sobre o que leron. Se queremos practicar a caligrafía podemos facerlles responder por escrito.
- Ditados ou copias para practicar a ortografía e a caligrafía.
- Escrita creativa: escribir algún conto, historia ou incluso un diario do que está a acontecer estes días.

CIENCIAS SOCIAIS E NATURAIS:

- Repasar os contidos estudados neste trimestre.
- Realizar algunha investigación sobre un tema de interese.

INGLÉS:

- Repasar o vocabulario aprendido.
- Actividades en liña.

OUTRAS ACTIVIDADES DE INTERESE:

- Calquera actividade creativa: debuxar, colorear, construír, inventar historias, etc...
- Exercicio físico: durante o confinamento poden practicar ioga, estirar as extremidades, facer o pino, correr...
- Meditar: pechar os ollos e concentrarse en deixar a mente en branco. Aportaralles calma.
- Memorizar algún texto pequeno e recitalo. Mellorarán a súa memoria e obrigaralles a concentrarse.
-